

Proposta de trazado do Camiño do Litoral de Galicia, en desenvolvemento dos artigos 54 e 56 da Lei 4/2023, do 6 de xullo.

Preténdese avanzar na definición dunha rede de sendas litorais que cumpra cos requisitos establecidos no artigo 56 da Lei 4/2023, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia. Para isto, ponse a disposición do público un visor co trazado provisional do Camiño do Litoral, e ábrese un período de consulta pública para que calquera persoa interesada poida presentar achegas e suxestións.

Visor del trazado: <https://mapas.xunta.gal/visores/caminolitoral>

Período de consulta: do 10/02/2026 ata o 10/03/2026

Forma de remitir as achegas:

A través do enderezo electrónico litoral.medioambiente@xunta.gal indicando no asunto "Trazado Camiño do Litoral" ou ben, mediante escrito dirixido á Subdirección Xeral do Litoral, da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Nas achegas que se presenten deberá constar de forma clara:

- A identificación e os datos de contacto da persoa ou entidade interesada.
- O tramo do Camiño do Litoral ao que se refire a suxestión.
- A xustificación correspondente da proposta ou comentario.